



1 Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte MOCIÓN relativa á reiteración da redución do tipo de gravame sobre o valor catastral dos bens inmobles.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Pleno celebrado o 26 de xaneiro de 2017 foi debatida unha moción deste grupo municipal no que se aprobou reducir o tipo de gravame do imposto de bens inmobles para equiparalo ó tipo impositivo dos concellos do noso entorno, así como contratar unha empresa que seguise actualizando o inventario de construcións e de bens inmobles para prestar asesoramento ós veciños.

Recordar que pasaron dous anos dende o acordo plenario, tempo máis que suficiente para levar a cabo dita redución si o Alcalde e seu equipo de goberno tiveran intención de igualar a carga impositiva dos veciños do noso concello cos da bisbarra. Seguimos sen modificar a ordenanza fiscal que regula este imposto, nin ca proposta aprobada por todas as forzas políticas representadas no Pleno a excepción de Nos Pobra nin coa que a concelleira de dinamización económica dixo que ia traer a debate. Por non falar de que nese mesmo pleno o propio alcalde manifestou que tiñan intención de sacar unhas bases para a contratación dunha nova empresa para seguir ofrecendo o servizo ós veciños e veciñas, pero quedou neso, na intención, porque a día de hoxe todo segue igual.

Visto que non se levou a cabo ningunha das propostas acordadas e a estas alturas xa non tería aplicación ata o ano 2020, solicitamos ó Pleno:

- Reprobar e recusar a falta de actuación tanto ó Alcalde como da Concelleira de Dinamización Económica por incumprir a moción aprobada en pleno, indo contra dos intereses dos veciños neste asunto

A Pobra do Caramiñal a 17 de Enero do 2019

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL